



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
EEASSD DO SISTEMA EDUCATIVO DE GALICIA

Guía docente

Título superior de deseño

Especialidade: DESEÑO DE INTERIORES

Disciplina: ECONOMÍA

Modelo.
Guía
docente.
Ver.
01.
01/09
/2015



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Índice

Modelo.
Guía docente.
Ver. 01.
01/09/2015



1. Identificación e contextualización

Datos da disciplina					
Escolas	Escola de arte e superior de deseño "Pablo Picasso". A Coruña				
Web escolas	http://www.eapicasso.com				
Mail escolas	escola.artepablo.picasso@edu.xunta.es				
Materia	Xestión do deseño de Interiores				
Disciplina	Economía				
Carácter	O.E. (Obrigatoria de especialidade)	Tipo	T (Teórica)	Duración	Anual
Curso	3º			Créditos ECTS	4
Horas de clase semanais		2			
Horas de traballo non presencial		24			
Horas de titoría		4			

2. Descrición da disciplina

2.1 Descritores

Organización e lexislación específicas da actividade profesional. Prevención de riscos laborais. Xestión de calidade. *Marketing* aplicado ao deseño de interiores. Recursos e custos da actividade profesional. O valor do deseño de interiores. Métodos de investigación e experimentación propios da materia.

2.2 Relación con outras disciplinas de contidos progresivos.

Non se contempla

2.3 Interese da disciplina para a consecución dos obxectivos da titulación

Comprender o marco legal e regulamentario que regula a actividade profesional e a seguridade e a saúde laboral.

Coñecer o marco económico e organizativo no que se desenvolve a actividade empresarial do interiorismo. Metodoloxía

Actividades introductorias

Explicación aos alumnos/as do desenvolvemento da materia ao longo do curso, incidindo nas competencias e nos contidos que se traballan, a metodoloxía e o sistema de avaliación.



Exposición maxistral

Explicación por parte do profesorado na aula dos contidos dos temas ou unidades didácticas enumeradas.

Prácticas presenciais

Resolución por parte do alumnado dos exercicios prácticos propostos en cada tema, a partires dos contidos teóricos.

Prácticas non presenciais

Resolución por parte do alumnado das actividades e problemas propostos nalgúns temas mediante traballos autoxestionados onde completará os coñecementos teórico-prácticos.

Exposición e debate

Exposición e defensa por parte do alumnado de algún dos traballos realizados o longo do curso.

Titorías docentes

A súa finalidade é resolver dúbidas, tutelar e coordinar as prácticas.

Actividades de avaliación

Formativa.

Comprende o funcionamento cognitivo fronte as tarefas.

Adaptar os procesos aos progresos e dificultades.

Sumativa.

Comprobar si se adquiriron as competencias previstas.

Establecer balances dos resultados.

Actividades complementarias

Actividades realizadas para complementar a formación, academicamente dirixidas, relacionadas cos contidos e realizadas no centro ou fora del.

3. Obxectivos

Acadar as competencias trasversais, xerais e específicas da titulación durante o desenvolvemento da disciplina.

4. Competencias que se desenvolven na disciplina

4.1 Competencias transversais

Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.



Recoller información significativa, analízala, sintetízala e xestionala adecuadamente.

Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.

Realizar autocrítica cara o propio desempeño profesional e interpersoal

Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos

Liderar e xestionar grupos de traballo

Desenvolver na práctica laboral unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, medioambiental e cara a diversidade.

Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.

Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables

4.2 Competencias xerais

Organizar, dirixir e/ou coordinar equipos de traballo e saber adaptarse a equipos multidisciplinares.

Analizar, avaliar e verificar a viabilidade produtiva dos proxectos, desde criterios de innovación, xestión empresarial e demandas.

Investigar nos aspectos intanxibles e simbólicos que inciden na calidade.

4.3 Competencias específicas da titulación

Comprender o marco legal e regulamentario que regula a actividade profesional, a seguridade e saúde laboral e a propiedade intelectual e industrial.

Coñecer o marco económico e organizativo no que se desenvolve a actividade empresarial do interiorismo

5. Organización dos contidos

5.1 Contidos

Organización e lexislación específicas da actividade profesional.

Prevenção de riscos laborais.

Xestión de calidade.

Marketing aplicado ao deseño de interiores.

Recursos e custos da actividade profesional.


O valor do deseño de interiores.

Métodos de investigación e experimentación propios da materia.



5.2 Organización

Distribución horaria



6. Procedemento de avaliación

A ensinanza é de carácter presencial e asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por ano académico, ordinaria e extraordinaria.